

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000012.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **29 de marzo de 2023**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE COBERTIZOS DE VACÚN E SILO FORRAXEIRO E AMPLIACIÓN DE ESTABLO E FOXA DE XURRO EN GALEGOS, NÚMERO 3, SANTIAGO DE SAA (2022/Y001/000235).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO EDIFICIO SITO NA RÚA ALEXANDRE BÓVEDA, NÚMERO 3 (2022/Y001/000215).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE INTERVENCIÓN EN PLANTA BAIXA E AMPLIACIÓN EN PLANTA ALTA PARA USO DE VIVENDA EN BOSENDE DE ABAIXO, SAN PEDRO FIZ DE MUXA (2021/Y001/000108).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN EXISTENTE PARA GARDA DE ÚTILES DE LABRANZA EN RÉXIME DE AUTOCONSUMO, EN SAN LOURENZO DE RECIMIL (2022/Y001/000287).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE 57 DESFIBRILADORES E 10 TÓTEMS INSTALADOS NO CONCELLO DE LUGO E DA FORMACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS, exp. ref. 2023/C003/000009. ADXUDICACIÓN.

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSAS PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, exp. ref. 2023/C004/000004. ADXUDICACIÓN.

7. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A MENORES FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE SERVIZO DE IGUALDADE). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C003/000002.

8. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE; SERVIZO DE IGUALDADE). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C003/000003.

9. CONTRATACIÓN DA OBRA "PROLONGACIÓN DEL PASO SUBTERRÁNEO BAJO LA N-VI" INCLUIDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO, CON FINANCIAMENTO DO 80%, EXP. REF. 2020-C002-000041, RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADE POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA.

FOMENTO

10. CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO. TRAMO: GLORIETA 25 NOVEMBRO; GLORIETA BENIGNO RIVERA.

FACENDA LOCAL

11. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN ASTARIZ, O VERAL.

12. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE NAVE PARA COMERCIO POR XUNTO DE ACCESORIOS DE VEHÍCULOS, LUBRICANTES E PINTURAS EN SANTIAGO DE CASTELO, NÚMERO 28.

PERSOAL

13. PROPOSTA PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS NO POSTO DE CELADORA DO CEIP AS MERCEDES DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

EDUCACIÓN

14. PROPOSTA DE CAMBIO DE NOME CEIP PLURILINGÜE DE NADELA.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

15. REXISTRO DE PERSOAS VENDEDORAS DO MERCADO TRADICIONAL DO ANO 2023.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,